BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Martes, 8 de agosto de 2017
Núm. 151

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## REDONDELA

### Convenios colectivos

*MODIFICACIÓN DO ANEXO DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO*

*ANUNCIO*

*APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE REDONDELA*

O Pleno do Concello de Redondela, na sesión ordinaria núm. 08 correspondente ao mes de xullo, que tivo lugar o día 27 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

-Modificar o anexo do CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO relativo á valoración pola realización de servizos extraordinarios fóra da xornada habitual de traballo do persoal laboral e funcionario ao servizo do Concello de Redondela do seguinte xeito:

1.ª) Hora extra traballada entre as 08:00 e as 22:00 horas:

Terá o valor dunha hora normal incrementada no 50%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal horario, terá o valor de hora e media.

2.ª) Hora extra traballada entre as 22:00 e as 08:00 horas:

Terá o valor dunha hora normal incrementada no 100%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal horario, terá o valor de dúas horas.

3.ª) Hora extra traballada en sábados non laborais, domingos e festivos:

Terá o valor dunha hora normal incrementada no 100%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal horario, terá o valor de dúas horas.

4.ª) Cada hora traballada nos seguintes periodos terá o valor dunha hora normal incrementada no 200%, é dicir, cada hora traballada terá o valor de tres horas:

- Sábados, domingos e festivos: Das 00:00 ata as 08:00 horas
- 1 e 6 de xaneiro
- Martes de Entroido, no caso de que se celebre.
- Xoves e Domingo da Coca
- Domingo de Entroido de Verán, no caso de que se celebre.
- 24, 25 e 31 de decembro

Código seguro de verificación: FWNSM52TVYRFSCD4

O número máximo de horas que se retribuirán con este valor será de 8 horas mensuais por traballador. As horas que excedan deste máximo serán retribuidas de acordo co estipulado nos apartados anteriores.

A modificación puntual do convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello de Redondela, que afecta única e exclusivamente ao anexo do mesmo, surtirá efectos a partir da publicación do correspondente anuncio no BOP.PO.

Poderá accederse ao contido íntegro da proposta aprobada mediante a introdución do C.V 5EZSC9YMZ37KTZR695DHTSDRX na "Información xeral" (validación documentos) da sede electrónica do Concello de Redondela (https://redondela.sedelectronica.es).

O que se publica en cumprimento do acordado na citada sesión plenaria.

O alcalde

Javier Bas Corugeira

(Documento asinado electrónicamente)

Código seguro de verificación: FWNSM52TVYRFSCD4